

## DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA ÁS MULLERES 25 NOVEMBRO 2018

Con motivo da conmemoración o vindeiro día 25 de novembro do Día Internacional de Loita Contra a Violencia ás Mulleres o Concello de Pontedeume súmase, por segundo ano consecutivo, á campaña En Negro Contra As Violencias. Esta é unha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas na que participan máis de 96 concellos galegos e 3 deputacións provinciais. Esta participación implica un compromiso político e técnico para espallar a acción e mobilizar a poboación, os axentes sociais e económicos, e tinguir de negro as poboacións galegas.

Esta campaña ten como obxectivo facer un chamamento á reflexión dando visibilidade ao rexeitamento da cidadanía ante calquera tipo de violencia contra as mulleres. Seguindo esta máxima dende o Concello de Pontedeume facemos ese chamamento á participación e á mobilización cara a facer pública a repulsa social contra esta lacra que seguimos a padecer na nosa sociedade.

O vindeiro día 23 de novembro ás 12.00 h na praza Real darase lectura ao manifesto institucional cuxo obxecto, máis aló de comprometer a todos os poderes públicos nesta loita, é o de comprometer a cada un de nós, mulleres e homes, membros activos dunha sociedade que camiña cara á igualdade real.

Son varias as vías dende as que a cidadanía se pode sumar a este compromiso na nosa vila:

- Achegándose á concentración do día 23 na praza Real ás 12.00 h.
- Achegándose ao acto vestida ou vestido de negro.
- Vestir, igualmente de negro, os escaparates dos locais comerciais ou algún espazo deles.
- Todos aqueles comercios, empresas ou institucións que queiran entrar a formar parte do mapa galego desta campaña poden facelo poñéndose en contacto co Departamento de servizos sociais municipais ou enviando un correo electrónico a: [ennegrocontraaviolencia@gmail.com](mailto:ennegrocontraaviolencia@gmail.com)
- Facendo uso dos materiais que se difundirán os días previos á concentración e o propio día coa campaña: carteis, pulseiras, bolsas, chapas, camisetas, etc.